

Prezadas familias: Con estas liñas queremos comunicarvos algunhas precisións relacionadas co comezo do vindeiro curso escolar que vos poidan servir como primeira información. Tede en conta que neste momento non temos aínda instrucións da Consellería de Educación sobre a organización do próximo curso académico. En canto se publiquen as instrucións adaptaremos todo o necesario estas previsións e indicacións iniciais de curso.

## 1. EXAMES DE SETEMBRO 2021 (ESO e BACHARELATO)

Datas: 1 mércores, 2 xoves e 3 venres realízanse as probas da convocatoria extraordinaria.

Calendario de exames: enviado ás familias, publicado nos cursos de familias e na web do colexio así como no taboleiro da recepción.

## 2. TRABALLOS DE REFORZO EN ED. PRIMARIA

O alumnado de Ed. Primaria que non acadase algúns dos obxectivos do seu ciclo, encoméndanselles traballos de reforzo que deberán entregar ao comezo do novo curso na data que se lles indique.

## 3. COMEZO DO CURSO ESCOLAR 2021-2022

O martes 7 e o mércores 8 de setembro os alumnos de 3 anos terán as xornadas de adaptación no horario e grupo comunicados na reunión do día 17 de xuño.

O xoves 9 de setembro ás 09:00 h, todos os alumnos de Ed. Infantil farán as súas entradas á aula polas portas correspondentes, sendo a saída ás 14:00 h. Achegaremos información máis polo miúdo en canto teñamos as instrucións definitivas da Consellería.

O xoves 9 de setembro ás 09:00 h, comeza o curso para o alumnado de Ed. Primaria. Achegaremos máis información en canto teñamos as instrucións definitivas da Consellería.

O mércores 15 está indicado que comeza o curso en ESO e Bacharelato segundo o calendario oficial publicado. Achegaremos máis información en canto teñamos as instrucións definitivas da Consellería.

## 4. HORARIO

### Infantil e Primaria:

- Setembro e xuño: de 9:00 h ata as 14:00 h
- Outubro a maio:
  - De luns a xoves, de 9:30 h ás 13:00 h e de 15:00 h ás 17:00 h
  - Venres de 9:30 h ás 14:00 h

### ESO e Bacharelato:

Temos solicitado permiso á Xefatura Provincial de Educación para manter o horario do presente curso. Indicamos con detalle como quedaría:

- 1.º e 2.º ESO: (32 sesións de clase)
  - Luns e martes desde as 8:30 h ata as 14:45 h
  - Mércores, xoves e venres desde as 8:30 h ata as 14:00 h
- 3.º e 4.º ESO: (33 sesións de clase)
  - Luns, martes e mércores, desde as 8:30 h ata as 14:45 h
  - Xoves e venres desde as 8:30 h ata as 14:00 h
- Bacharelato: (34 sesións de clase)
  - Luns, martes, mércores e xoves desde as 8:30 h ata as 14:45 h
  - Venres desde as 8:30 h ata as 14:00 h

## 5. RECREOS DE ALUMNOS DE ESO e BACHARELATO

Debido á responsabilidade que adquire o colexio sobre os alumnos durante as horas lectivas, os alumnos matriculados na ESO deben permanecer nas instalacións colexiais durante o recreo.

Aos alumnos de Bacharelato pediráselles autorización asinada polas familias ao comezo do curso, para poder saíren do colexio nese momento.

## **6. LIBROS DE TEXTO e MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO**

As familias de Infantil e Primaria xa recibiron información mediante unha comunicación sobre a adquisición de libros, material escolar e sobre as axudas dispoñibles. O alumnado que cursará desde 3.º ata 6.º de Primaria recibiron información específica para a adquisición do dispositivo dixital necesario.

O alumnado de Infantil e Primaria terá o material xa nas aulas ao inicio de curso para comezar o seu uso. O material complementario para Primaria será indicado o último día de clase.

Na etapa de ESO, o colexio xestiona a solicitude do fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros e material escolar da Xunta. Aquelas familias que queiran acollerse ao fondo solidario ou axudas no seguinte curso, deben presentar a solicitude na secretaría do colexio.

As familias de ESO poderán mercar os libros e material complementario na librería do colexio sen reservar previamente. As que tramiten o vale de axuda para a compra de libros de texto terán que recollelos no horario de librería a principio de curso presentando o vale.

A axenda institucional La Salle tamén se entregará na aula a principio de curso a todos os alumnos desde 3.º Ed. Primaria ata 4.º ESO.

Para o alumnado novo de Bacharelato haberá unha circular informativa sobre o procedemento co iPad.

Horario da librería: desde o 1 ata o 8 de setembro, de 10:00 h a 13:30 h. Tamén se poderá solicitar a reserva por medio da páxina <https://web.lasallesantiago.gal/tenda/>. Para aquelas familias que despois da data de inicio de curso, precisen completar libros de texto, terán posibilidade de adquirilos.

## **7. VESTIMENTA**

Nas clases de Ed. Física (ata 1.º Bach. incluído) usarase única e exclusivamente o equipamento colexial: chándal/pantalón curto, mallas, camiseta e suadoiro.

Todo o alumnado de Ed. Infantil deberá asistir á clase co chándal colexial e tamén deben ter o mandilón do colexio para usalo durante o horario escolar (e comedor), e que pode mercarse xunto co chándal.

O alumnado de 1.º a 4.º de Ed. Primaria terá obriga de utilizar o uniforme colexial. Os alumnos de 5.º e 6.º que así o desexen poderán utilizalo de forma voluntaria.

As familias interesadas en probar, reservar ou mercar poderán facelo xa, do 23 ao 30 de xuño de 9:00 a 14:00 h ou en setembro desde o 1 ata o 8, na tenda do patio cuberto, de 10:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 19:00 h.

## **8. SERVIZOS e ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO COLEXIO**

No mes de setembro informarase mediante circular de todos os servizos do colexio (comedor, transporte e programa madrugadores e ludoteca) así como de todas as actividades extraescolares e das direccións de correo para os trámites necesarios.

Dende o día de inicio de curso (inauguración) haberá servizo de comedor escolar. As familias que neste primeiro día queiran facer uso do comedor deben avisar na recepción antes do 9 de setembro.

O colexio ofrece un servizo de madrugadores e ludoteca para todas aquelas familias que precisen conciliar o seu horario. Este programa só vai dirixido ao alumnado de Ed. Infantil e 1.º e 2.º de Ed. Primaria; o resto de alumnos (desde 3.º curso) poderán acudir á biblioteca do centro. En setembro recibiredes cumprida información a través dunha circular.

Horario do programa madrugadores: de 7:45 h a 9:30 h (9:00 h en setembro e xuño). Horario do ludoteca: de luns a xoves de 17:00 a 19:00 h e o venres de 15:30 a 17:30 h (15:30 a 17:30 en setembro e xuño)

Horario da biblioteca: de 8:30 h a 9:30 h e de 14:30 h a 19:30 h. En setembro e xuño de 8:30 h a 9:00 h, e de 15:30 h a 17:30 h.

Nos primeiros días de curso facilitaranse as circulares de inscricións en actividades, club deportivo e programas de certificación de nivel de inglés e francés (B1, B2 e C1)

## **9. ACTIVIDADES DE PASTORAL LA SALLE: GRUPOS SALLEXOVE**

O colexio ofrece a posibilidade de participar en diversas actividades durante o curso aos alumnos dende 5.º Ed. Primaria ata 2.º Bach. e Universidade. No vindeiro curso, os grupos de 5.º EP a 2.º ESO terán horario de venres pola tarde de 15:00 h a 16:00 h. Para o resto de grupos a partir de 3.º ESO, hase acordar cos animadores. En setembro informarase sobre estas propostas.

Desexándovos un feliz verán, recibide con estas liñas o noso máis cordial saúdo.

O Equipo Directivo